

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 20:03 ata as 21:55 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Noemí Sirera Diéguez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	NON
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luís González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo SOuto	SÍ

76897189R

Ángela Valcárcel Bernárdez

SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva

1. Aprobación da acta da sesión anterior. (Sesión nº 9/2017, extraordinaria de 6 de novembro e sesión nº 11/2017, ordinaria de 22 de decembro)

2. Expediente 483/2018. Aprobación de Facturas. Aprobación recoñecemento extraucial de crédito nº 1/2018.

3. Expediente 535/2018. Convenio de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e este Concello para asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

B) Actividade de control

4. Moción de PLADEVER

5. Moción presentada por D. Xulio Vicente González relativa a situación laboral de MADERAS IGLESIAS, SA

6. Mocións Grupos Políticos

C) Rogos e preguntas

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Boa tarde a todos e a todas, benvidos a esta voso casa una vez máis, excusa a súa presenza a compañeira Carla que está en urxencias, nada grave, pero non pode asistir. O resto estamos todos.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior. (Sesión nº 9/2017, extraordinaria de 6 de novembro e sesión nº 11/2017, ordinaria de 22 de decembro)

Sesión nº 9/2017, extraordinaria de 6 de novembro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) **o Señor Presidente pregunta** se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 9/2017, extraordinaria de 6 de novembro.

Non existindo observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 9/2017, de 6 de novembro e a mesma é aprobada por ONCE votos a favor dos Sres./ras. Concelleiros/as,**

Marcos D. Besada Pérez, José Luis González Rodríguez, M^a Dolores Castiñeira Alén e Miguel González González de Movemento Salceda; Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Primitivo González Souto, Mirian González Rodríguez e Ángela Valcárcel Bernáñez do Partido Popular e Verónica Tourón Domínguez e Ángela Ledo Souto de PsdeG-Psoe e **UNA ABSTENCIÓN** da Concelleira M^a Teresa Pérez González de Movemento Salceda por non asistir a sesión.

Sesión nº 11/2017, ordinaria de 22 de decembro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o **Señor Presidente pregunta** se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 11/2017, ordinaria de 22 de decembro.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Na páxina 33, pon Maceiras e é Maceira.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Na páxina 9, no último párrafo na miña intervención, na línea 10 e simplemente corrixir un número, cando expuxen os datos da conta xeral pon que se produciu un incremento de 1.281.000€ quedando ao final do ano en 19.464.3652€ sobra ese 6 e quedaría en 19.464.352€, entendo que foi un erro de transcripción. Na seguinte páxina no 2º parágrafo na línea 10 pon un recoñecemento de 4.889.297€ esta mal é a cantidade sería 4.889.287€. Na seguinte, ingresos liquidados e estes gastos liquidados aparece 382.852€ e debe ser 382.858€.

Non existindo mais observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 11/2017, de 22 de decembro e a mesma é aprobada por ONCE votos a favor** dos Sres./ras. Concelleiros/as, Marcos D. Besada Pérez, José Luis González Rodríguez, M^a Dolores Castiñeira Alén e M^a Teresa Pérez González de Movemento Salceda; Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Primitivo González Souto, Mirian González Rodríguez e Ángela Valcárcel Bernáñez do Partido Popular e Verónica Tourón Domínguez e Ángela Ledo Souto de PsdeG-Psoe e **UNA ABSTENCIÓN** do Concelleiro Miguel González González de Movemento Salceda por non asistir a sesión.

2.- Expediente 483/2018. Aprobación de Facturas. Aprobación recoñecemento extraducial de crédito nº 1/2018.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Ten a palabra o Concelleiro de Facenda.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Eu quería propoñer o Alcalde que se aproben as facturas da subvención que hai que xustificar antes do 31 de marzo, son cinco, no caso de non facelo pedirase retirar o punto do orde do día.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Todas as facturas están conformadas, temos que pagalas e se algo ten que dicir calquera persoa, o que ten que facer é utilizar os cauces establecidos. Non se acepta.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O Grupo Socialista pide a retirada do punto da orde do día.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Si se retira o punto da orde do día, non nos da tempo a pagar os 92.000€ que hai que xustificar antes do 31 de marzo polo servizo de axuda no fogar. Precisamente se trae a este Pleno e non se espera, como se fixo outras veces ao mes de abril para poder dar cumprimento ao pago destas facturas e poder xustificar en prazo e non perder esta subvención de 92.000€.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O Alcalde ten potestade para esto, é simplemente aprobar unha parte de esa relación para salvar a subvención, que é debido a mala xestión do goberno, non dende logo a culpa é do grupo socialista. Polo tanto, volvemos a dicir, está nas súas mans.

Repito, o Alcalde ten a potestade de modificar a orde do día e é simplemente pagar parte das facturas e se non o quere facer así, dende logo a responsabilidade da perda da subvención non será do grupo socialista, será do goberno. E volvo a repetir, se non se fai deste xeito, o grupo socialista pedirá a retirada do asunto da orde do día.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Engado que este asunto foi a Comisión Informativa e non plantexaches esta posibilidade e o fas agora, non sei para que se fan as Comisións Informativas. Non introducisteis ningunha enmenda ou apreciación.

Paso a ler a miña proposta:

“Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos de gastos correspondentes ao exercicio 2015 e 2017 para as que non había crédito orzamentario e gastos correspondentes a servizos prestados durante o exercicio 2017 que tiveron entrada no Concello durante o ano 2018 e que, polo tanto, non puideron ser tramitadas con cargo ao Orzamento de Gastos do exercicio,

DISPOÑO

1º.- Que se emita informe de fiscalización da intervención municipal sobre a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018, segundo o seguinte detalle:

- a) Relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2018 e que se corresponden con gastos do exercicio 2017.*

O importe total da relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 104.597,27 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descontos 310,17 €, o que fai un importe líquido de 104.287,10 €. A relación comeza pola factura N° 1700816 de 15/12/2017 de Multiservicios del Noroeste, S.L., CIF B36588481, por importe de 242,00 € e remata coa factura N° 51 de Limpiezas Avenida, S.L., CIF B36120707, de 31/10/2017, por

importe de 2.601,50 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

- b) *Relación 2 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018: trátase de facturas correspondentes a gastos do 2017 que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento en 2017 por non existir crédito orzamentario.*

O importe total da relación 2 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 205.267,79 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descontos 0,00 €, o que fai un importe líquido de 205.267,79 €. A relación comeza pola factura nº 620 de 03/04/2017 de Excavaciones Norexca, S.L., CIF B36443414, por importe de 4.368,17 €, e remata pola factura nº 160159 de data 15/09/2016 de Construcciones Vale, S.L., CIF B36024933, por importe de 5.427,77€. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)”

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): E engadir como dixen na Comisión informativa, que nestas facturas se inclúen 5 facturas de SOCISER S.L. que é a empresa que presta o servizo de axuda no fogar o importe destas facturas ascende a 92.851€ e precisamente a maneira que temos para pagala é aprobando este recoñecemento de crédito e non perder a subvención que temos que xustificar antes do 31 de marzo. Este incremento basicamente se debe o número de horas que concede a Xunta, do cal o concello asume parte destas.

Este recoñecemento como sabedes, serve para evitar a vía xudicial. As empresas que prestaron servizos, acometeron obras, suministraron material... todas elas conformadas polos concelleiros correspondentes. Dicur que representa do orzamento de gasto, unha vez que temos analizado o avance da liquidación do exercicio as obrigas recoñecidas netas por importe de 5.200.000€ e a partida que representa os 309.000€ representan en torno a un 5% polo que consideramos que non é unha contía excesiva. Dicur tamén que no momento que se aprobe este recoñecemento o Concello estará en disposición de facer pagos de todas elas xa que contamos nas distintas contas bancarias cunha liquidez entorno a 1.200.000€ co cal, pagar estos 300.000€ nos deixaría cunha liquidez entorno os 900.000€.

A Lei de Estabilidade Orzamentaria en cumprimento da regra de gasto che limita de dotar as partidas e hai que darse conta que dende o 2008 ata o día de hoxe pola regra de gasto, debido a esa regra marcada pola estabilidade orzamentaria se reduciu entorno a 1 millón de euros e manifesto unha vez máis o meu desacordo con esta regra de gasto.

Como xa dixen, temos liquidez no banco e coa aprobación deste recoñecemento extraxudicial de crédito pagaríase canto antes as empresas e como engadido chegaríamos para a subvención.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Se me permitides, non sei se solicitando a retirada da orde do día se permite que se debata. Digo para que logo non se me diga que non se pode facer.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : A palabra a dou eu e tena o Partido Popular.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Quería recordarlle ao Concelleiro que na Comisión informativa parte das facturas se nos deron rematada a comisión. Entón non estaba toda a documentación para poder avaliala como é debido.

Este documento ven a avaliar a xestión do alcalde e do grupo de goberno, documento que contén 268 facturas por un importe de 209.554€ posiblemente, intuimos que o señor concelleiro non mencionou nada e vaíamos ter outro recoñecemento extraxudicial de créditos posterior. Non nos dixo nada respecto da factura de Frigolouro que lle recordamos en Comisión, a resposta do Concelleiro foi que non sabía. É unha cantidade importante entorno aos 20.000€ e que o señor concelleiro con adicación exclusiva non nos poida dar esa información, debe ser que non é unha cantidade importante.

O mesmo ocorre cando pedimos a explicación de dúas facturas, unha entrou no rexistro do concello no 2015 e outra no 2016, se nos dixo tamén na comisión que se nos darían as explicacións pertinentes neste Pleno e non as tivemos.

Este recoñecemento comprende dúas relacións unha de 104.000€ e outra de 205.000€ no que é a primeira relación este grupo, máis ou menos pode estar de acordo, que son de data de decembro de 2017, aínda que na maioría das partidas non había crédito. Xa me gustaría que a posición que tiña antes o Alcalde ante este tipo de recoñecementos cando dicía que 133.000€ era moito e votaba en contra, nos con 104.000€ creemos ata certo punto é razoable.

Si discrepamos respecto da segunda relación que comprenden 205.000€, delas 71.400€ corresponden a inversión, porque non se presentou o orzamento correspondente, e menos negocialo.

Quero lembrar as palabras que dicía o señor Alcalde naquela lexislatura, tamén dicirlle que o grupo da oposición representan a maioría dos veciños, se ve que o señor Alcalde non quere negociar coa maioría dos representantes dos veciños o resto destes 205.000€ son gastos correntes que na súa maioría son de reparación tal é como di o informe.

Paso a leer o Informe de Intervención que di: advírtese que non se está dando cumprimento o establecido na BEO 23.5: *“Con carácter xeral, para os efectos de comprobación material das inversións, obras, servizos e suministros, o Interventor Municipal delega as súas funcións en un técnico municipal competente por razón da natureza da prestación, exixindo que asine o documento xustificativo (factura, certificación de obra) conxuntamente co Concelleiro de Área do Departamento.”*

Di conxuntamente, o di ben claro, destas 268 facturas non atopamos una que se atope con este requisito. Tamén nos chama a atención nesta relación 2, facturas con data a 3 de xaneiro de 2017 e 3 de abril de 2017 que están sen pagar, poden dárse dúas circunstancias ou ben que a 3 de xaneiro de 2017 non había crédito ou ben que non se esta cumprindo a prelación, primeiro se paga a uns a amigos e amigas e logo a outros. Esa é a lectura que quitamos desta relación.

Mala xestión señor concelleiro.

Hai dúas facturas como dixen antes con rexistro de entrada do 12/01/2015, 3 anos e un mes despois, e outra dun importe tamén significativo de 5.400€ de entrada en rexistro do 12/09/2016, máis de un ano e medio. Como dixen antes se pediron explicacións na Comisión informativa e a resposta foi encollerse de ombros e non saber nada. É incompreensible que un concelleiro con adicación exclusiva non saiba das facturas que van a este recoñecemento.

Respecto das facturas da lei de dependencia, a de libre concorrência veñen a través da Deputación antes do 28 deste mes e as da Xunta antes do 31 de marzo. Estas facturas suman 92. 800€ e unha delas a máis antiga e do mes de setembro. Da lectura destas facturas sacamos que o crédito agostouse no mes de agosto.

Así que non nos conte milongas, aquí hai unha responsabilidade, tiñan que facer a correspondente retención de crédito e non a fixeron. Non nos veña a cargar a responsabilidade aos grupos da oposición cando non a teñen. En resumo, o concello se está financiando cos provedores, temos facturas de máis de un ano, de máis de dous anos e temos facturas de máis de 3 anos.

Respecto as facturas de inversión, máis ou menos os provedores xa se lle informaría que ían tardar máis de un ano en cobrar. Despois, dentro das facturas de inversión atopamos unha factura en concreto na relación 2, N° de rexistro 151 por un importe de 27.947,35€ queríamos que nos dixeran esta factura en concreto onde se fixo a obra. Non sei se nolo poden dicir agora. Aquí pon reparación de muros de contención con risco de desprendemento en Fonte da Viña e Pedra Pinta en Picoña incluída limpeza e retirada de cascallos, movementos de terras para acondicionamento do terreo conlindante, pero ¿cal é o muro en cuestión?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Se queres imos agora alí.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Eu non quero ir alí, ¿pódeme situar onde está este muro en concreto?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Se esta conformada por un Concelleiro e tes dúbidas vai ao xulgado.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Para poder votar, ten que haber claridade.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): A factura esta conformada polo concelleiro, co visto bo da interventora.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): ¿Está dentro do proxecto de Ataude Maior?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Chámanos moito a atención que intervención o califique como inversión cando se trata dunha reparación. Polo tanto, non pode ser inversión.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Cal é o problema?

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Esta factura adolece de moitos defectos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Se non estades de acordo ides o xulgado. Estamos a decidir se pagarlle ou non. Esta historia xa a vivimos fai 2 anos, 5 Plenos para que se pagara, a responsabilidade é vosa. Nos temos 1.200.000€ dipoñibles para pagarlle aos provedores e ti sabes que fuches Concelleiro de Facenda e por certo deixache algún que outro pufo entre eles 1 millón de euros nesta casa. Se fora un dos teus compañeiros de goberno, a ignorancia pode ser un atenuante, pero no teu caso non.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Salceda non é territorio Maduro. Esta factura adoece de defectos, non pon os metros cadrados que se fixeron de reparación, non está conformada polo técnico municipal como di a Base 23.5 do orzamento e llo recorda o informe da interventora municipal.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿pero fíxose ou non? Se cres que non se fixo ao xulgado.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Hai que cumprir con tódolos requisitos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Aquí do que se trata e de aprobar si se paga ou non.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Pedimos que se retire esta factura en concreto de este recoñecemento.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): En primeiro lugar, o tema de que o puideren introducir en comisión, como di o compañeiro do PP, a interventora nos pasou unha parte e non todas as que lle pedimos na comisión, polo menos ao grupo socialista.

Na comisión se nos informa e case se nos ameaza con que se non o aprobamos, a oposición e culpable de perder a subvención. Unha subvención mal xestionada por parte do goberno local, xa que levamos 2 anos sen orzamentos e gobernamos a base de recoñecemento extraxudicial de crédito e botándolle a porquería a oposición.

Segundo, uns orzamentos prorrogados no ano 2016, sen negociación ningunha en Xunta de Goberno Local que llo permitía a lei, aproveitaron a conxuntura, aínda que días despois se considerou inconstitucional e aprobaron os orzamentos a espaldas de toda a corporación. Facendo uso das palabras dos compañeiros do PP, somos a maioría na oposición, polo tanto, terá que ter en conta aos demais grupos da oposición.

Gustaríame pedirlle a opinión a Secretaria sobre a aprobación de facturas de inversión neste recoñecemento extraxudicial de crédito sen ter orzamentos aprobados e sen ter un crédito extraordinario en orzamento de inversión, como non teño catro concelleiros para pedir informe, solicito este informe como ten que ver co punto que traemos ao Pleno teño que solicitalo desta maneira. Quero que se me faga un informe do procedemento legal que se utilizou para aprobar facturas e para que veñan facturas de inversión neste recoñecemento extraxudicial de crédito sen ter orzamentos e sen pasar polo Pleno ningunha modificación de crédito para elo. Estou no dereito a pedilo.

Falando xa do Concelleiro de Facenda, comeza a exposición dicindo que coa boa xestión que leva, pois non é tan boa porque non temos orzamento e apenas se pode facer inversión a non ser que a disfracen en reparacións. Así que boa xestión non é. Deixen de culpar a oposición e xestionen mellor, non se poden facer irregularidades nos orzamentos, gobernar a base de recoñecemento extraxudicial de crédito e enriba, culpar a oposición de que se os provedores non cobran, por certo, este problema xa o tivemos fai dous anos, ten razón o señor Alcalde cando dixo que tivemos cinco Plenos e tiveron os provedores que acudir ao xulgado porque se gastaron case 610.000€ fora de orzamento.

Dito isto, eu creo que ademais de este recoñecemento extraxudicial de crédito que son 309.000€ non vai ser o único deste ano, porque na Comisión, tal e como dixo o compañeiro do PP, se lle preguntou pola factura por exemplo da Festa dos Callos, que ten un importe considerable, non se sabe se viu ou non, nos na relación que pedimos non está, a non ser que non nolo pasen. Ademais de que iso se lle preguntou ao Concelleiro de Vías e Obras se poderían aparecer outras facturas, e dixo que pode ser, polo tanto, podería ser que se aceptaran 309.000€ agora e que despois no mes de abril nos traian outro tanto e volvamos a comulgar coa mala xestión do equipo de goberno e botando porquería sobre os membros do grupo da oposición, pois non, ata aquí chegamos, creo que levamos dous anos advertindo, non é a primeira vez, os provedores saben que pode pasar isto, sinto por eles, recoñezo que o traballo feito teñen que cobralo, e o van a cobrar se non é deste xeito será xudicialmente. Pero dende logo o grupo socialista non vai ter a responsabilidade disto ao igual que non vamos a recoller a responsabilidade de que se perda unha subvención porque non foron capaces de xestionar as cousas como debían, si se aprobaran uns orzamentos e se meteran esas cantidades neses orzamentos, agora mesmo non estaríamos nesta situación.

Estamos dándolle a oportunidade de non perder esta subvención, o grupo socialista estalle a ofrecer a posibilidade de aprobar esas 5 facturas que hai que xustificar antes do 31 de marzo, e o señor Alcalde que ten potestade para facelo se nega, co cal, volvo a repetir, a responsabilidade é do señor Alcalde.

Tamén ten outra oportunidade, que se retire o asunto da orde do día que pide o noso grupo e se faga un pleno extraordinario solo con ese listado antes do 31 de marzo, se non fai así, a responsabilidade non é do grupo socialista, e súa. Volvo a repetir, pódeno seguir intentando, o ano pasado pasamos un recoñecemento extraxudicial de crédito que durante todo o ano non chegou aos 200.000€, sempre consideramos que recoñecementos extraxudiciais no día a día se dan pero con sentidiño e coherencia. O que non podemos permitir é que un concello leve dos anos sin ningunha xestión económica e sen aprobar uns orzamentos, xa non digo aprobalos, e que nin sequera se presentaron enriba da mesa nin no 2017 nin no 2018 e os do 2016 aprobados pola porta de atrás. O que non pode ser e seguir traendo REC.

Dende o grupo socialista demos moitas oportunidades, non é a primeira vez que sucede isto neste concello, o ano pasado advertimos, cando se trouxeron outros REC, que se ía permitir pagar cando fosen cousas coherentes e cantidades normais para o volume deste concello e que non íamos permitir que se bote porquería enriba nosa.

Dito isto, volvo a insistir que nos vamos a pedir a retirada do asunto da orde do día xa que o Alcalde non quere atender solo as cinco facturas vinculadas a subvención. Este é o resultado

dunha mala xestión económica e falta de negociación cos grupos da corporación.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Vou comezar a contestar as cuestións plantexadas polo PP. Respecto a aclaración das facturas que ti preguntas, dixeran que no Pleno ía explicar a orixe das facturas. A factura de 2015 é unha factura que se devolveu porque non enviaron o material, facturan e non habían enviado o material, unha vez que comprobamos que non se enviou o material se lle manda a factura e se lle comunica que fagan unha factura rectificativa porque o material aquí non chegou. A empresa fai as comprobacións, ten o seu debate co concelleiro de área e decide non emitir unha factura rectificativa e manter a presentada coa nosa disconformidade, chegado o momento como eles non a rectificaban dixemoslle que mandarían o material e nos aceptámola.

Respecto a factura de Frigolouro, efectivamente facturou igual que o ano pasado, eu non me meto nas contabilidades e balances que teña cada empresa, ten a costume de facturar no ano seguinte cando ven a falar coa concelleira de área para pactar os prezos da festa dos Callos, todos os anos, como sabedes, o ano pasado se fixo, se trae a recoñecemento extraxudicial de crédito a factura de Frigolouro porque esta empresa factura case un ano despois. Teñen esa costume.

A do ano 2016 tivo entrada o 15 de setembro, a interventora actual non sabía o motivo e dixeranlle que lle consultaría a interventora que estaba no seu momento, a interventora me confirma que non a admitiu no recoñecemento extraxudicial de crédito 2017 porque non había partida orzamentaria correspondente. Ese é o criterio que ela interpretou.

Por outro lado, estoulle dicindo que o recoñecemento extraxudicial de crédito é un mecanismo legal que permite pagarlle aos provedores sen que vaian pola vía xudicial, e so dixeran que este importe, se nos imos as facturas que quedaron sen crédito, representan un 3,2% de todos os gastos, nos excedemos e non chegamos a un 4% do orzamento. Sobre 5.200.000€ de facturas de gastos, nos excedemos un 4%. Eu non digo que sexa unha boa xestión, pero tampouco digo que é mala. E tampouco se pode dicir que sexa mala porque temos 1.200.000€ esperando para pagarlle.

Vostede nos acusa que nos financiamos cos provedores, se non se aproba este recoñecemento extraxudicial de crédito si que estaríamos financiándonos cos provedores o diñeiro estará parado no banco. Se están os cartos esperando para pagar e non o aproban, estarán facendo o que nos acusan a nos de facer, financiarnos cos provedores. E dinme mala xestión por ampliar certas partidas de gastos que figuraban no orzamento, pois si, axuda no fogar foi a partida que máis se incrementou, pero é que nós, nos negamos a deixar a xente sen a axuda a dependencia e que o critique o PSOE paréceme bastante grave, que critique este desfase.

Comezamos o ano gastando 17.693€ por un número de horas que tiñamos asignados, ¿sabes en canto rematamos o ano? Pode comprobalo nas facturas que van a recoñecemento e se se fixa nas últimas facturas, a de decembro son de 24.624€ de 17.000€ mensuais en xaneiro pasamos a 24.000 en decembro, houbo un incremento de case o 50% no gasto de axuda a dependencia, que o critique o PP non me extrañaría pero que o critique o PSOE me resulta extraño. Esa é a mala xestión que vostedes critican. Vimolo necesario, máis cando temos liquidez para facer fronte ao pago desas facturas e máis, cando so nos excedemos nun 4% do

orçamento total de gastos. Vostedes verán, nin ameazo nin poño a venda, logo non nos acusen de perder subvencións, ou de non poder acometer certas medidas que nos están reclamando, como que nos asfalten a estrada, aquela obra etc. Pois señores, esas empresas terán que cobrar se fan o seu traballo. Están Pleno tras Pleno presentando rogos e logo por un 4% de exceso se opoñen cando temos liquidez para facerlle fronte, non o entendo. Creo que fai dous anos, vivimos un capítulo bastante dramático e tivemos que chegar a unha solución que por sorte os provedores puideron cobrar, e insisto, nas mans deste Pleno esta, o concello está en disposición de pagar mañá mesmo, dependerá deste Pleno.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Rolda rápida.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Nós non estamos contra da Lei de Dependencia nin moito menos, ¿que tontería esta dicindo? ¿Vostede trouxo os orzamentos? ¿Negociou con este grupo os orzamentos? Se ten 1.200.000€ en caixa, ¿porque non fixo a retención de crédito?

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Permíteme que che diga unha cousa, que non haxa orzamentos non impide que se lle pague este incremento de axuda o fogar, que non se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito si.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Nós estamos para a defensa dos asuntos dos veciños de Salceda, non sei porque non fixo a retención de crédito. Tamén os tiña o ano pasado, a mesma cantidade e agora estamos no que estamos. As empresas teñen que cobrar, iso teño claro pero aquí hai unha responsabilidade de contratar con empresas a sabendas que non se lle pode pagar.

A responsabilidade non é deste grupo nin do grupo socialista neste caso, e de votedes, non se esqueza, non cambie os papeis.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ningunha empresa reclamou xuros en dez anos e medio, non se pode dicir o mesmo da vosa xestión.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Gastar 300.000€ a maiores para vostede non é importante. O material tivo que chegar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): É importantísimo.

CASTIÑEIRA ALÉN, M^a Dolores (MS): O luns ensinámosche o muro máis o material.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Da factura de 2015, ¿que nos está tomando o pelo? ¿Que forma de traballar é esa? ¿Manteñen a factura do 2015, que chegou o material 3 anos máis tarde? ¿E di a interventora que non hai partida? ¿por eso non se levou antes? Pero si o REC está para estos casos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A interventora non é a mesma, xa o sabes.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): A factura de Frigoulouro, estamos falando dunha factura de entorno aos 20.000€ que ven todos os anos, aparte, acaba vostede de dicir que negocia a

posteriori.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Non, negocia para o ano seguinte.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Da súa xestión, o resultado aí está. 1.200.000€ din que teñen en caixa, xa os tiñan o ano pasado, faga uso deles pero xa lle anuncio que para o ano imos estar na mesma situación ou peor.

Concluindo dado que o Alcalde e o Concelleiro de Vías e Obras non nos aclaran a factura do muro de contención, pedimos que se retire esta factura, so esta factura.

Repito, estamos pedindo que se retire esta factura deste REC porque non temos explicación onde se fixo ese muro.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Ao rematar o Pleno imos alí.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Máis que saber onde esta o muro quería saber porque a factura pon reparación de muro e a interventora clasifícao como inversión, por iso quero o informe entre outras cousas.

Concelleiro de Facenda, voulle explicar de novo por se non entendeu. O grupo socialista non está en contra da Lei da Dependencia nin do servizo que se lle presta aos veciños, é máis, por se non entendeu a primeira, o grupo municipal socialista o que pide é que se salve esa subvención aprobando as 5 facturas dese servizo. Que vostede quere darlle volta e entendela de outra maneira, alá vostede. O PSOE non está en contra diso, esta a favor de que a xente siga tendo o servizo e que as traballadoras e traballadores que prestan ese servizo o sigan facendo e traballando e por iso pide que o Alcalde que na súa facultade que ten, salve esas subvencións e se aproben. Espero que explicado máis despacio se entendese e estamos falando aquí de orzamento, de que pedimos que se faga isto ou aquilo, nos facemos o noso traballo, xa se nos pediu aquí que foramos máis despacio, nós facemos o noso traballo.

Eu o que lle pido o Concelleiro de Facenda, xa que cobra ao mes por estar facendo, que faga o seu traballo. Resultáballe bochornoso o capítulo que vivimos no pasado, pero non lle parece bochornoso repetilo. Así que moito bochorno non debeu pasar, xa o levamos advertido.

Do que dixó que se non hai orzamentos se pode pagar os provedores pero se non hai recoñecemento extraxudicial de crédito non se pode pagar, é certo pero tamén é verdade que se se aprobaran uns orzamentos non estaríamos nesta situación agora co cal xa evitaríamos este bochorno.

Volvo a dicir o mesmo, pedimos a retirada deste punto da orde do día. O Alcalde se nega a aprobar e salvar as cinco facturas para non perder a subvención de dependencia da Xunta de Galicia.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Vou ser breve, o PSOE quere discriminar a unhas empresas con respecto a outra, quere pagarlle a unhas si para salvar as subvencións, salvar a súa cara e o seu voto. Vostede aí si que comete irregularidades, estase saltando a prelación de pagos, está discriminando unhas empresas respecto doutras.

Vostede con ese plantexamento creo que se pretende cometer unha discriminación, pola prelación de pagos e por discriminación, igual algunha empresa fixo o traballo antes das que vostede quere separar, por exemplo.

Bochornoso, o espectáculo que fixo vostede cando votou en contra do recoñecemento extraxudicial de crédito das súas áreas ata o mes de xuño, tiñan facturas que viñan no recoñecemento extraxudicial de crédito que vostedes encargaran, iso si que foi bochornoso.

Vostedes o que pretenden con isto é unha parálise do concello, pero o Concello funciona, ten uns orzamentos prorrogados e pode seguir prestando servizos como ata o de agora. Saben que as empresas teñen o dereito de reclamar xudicialmente e así de cargar administrativamente de traballo aos técnicos municipais, e asinar costas xudiciais para o concello, isto é o que pretenden. Están en maioría e se deciden non pagar xa conseguen a parálise do concello, alá vostedes.

Ao PP decirlle que cando Joaquín foi concelleiro vivían nunha época de bonanza, ten que recoñecelo vostede, o orzamento de gastos que xestionou vostede era de un millón máis do que temos agora, precisamente pola Lei imposta polo PP que nos limita. O concello lle estamos salvando o deficit do estado.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): A oposición é maioría, o menos que se pide e que negocie coa oposición. Traia os orzamentos e negociamos. O da prelación de pagos “es la caña”. Simplemente, vólvolle a decidir ¿vai retirar esta factura que lle fixemos mención ou non? Que quede claro que o PP pide a retirada única e exclusiva desa factura e que o señor Alcalde non quere.

(A Secretaria municipal apúntalle o Alcalde o sometemento a votación da retirada do punto da orde do día. O Alcalde dille que non vai a sometelo a votación.)

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O grupo socialista non pretende unha parálise. Ata o 31 de marzo ten tempo e que se nos diga cando se vai traer orzamentos. Dicirlle que se no recoñecemento extraxudicial de crédito de 2016 había facturas de cando gobernou o PSOE con vostedes si, había 24.000€ de 640.000€.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Levamos unha hora e cuarto falando e non se falou do fondo da cuestión, hai unha serie de obras e servizos executadas, as empresas e provedores do concello teñen dereito a cobrar e a obriga do executivo é pagar. Non hai ningunha razón, agás que algunha factura non se executara, esta relación de facturas veñen da intervención municipal, polo tanto esta avalado e ninguén discute, polo que escoitei aquí, salvo a factura do muro que iremos a ver o rematar o Pleno.

A única razón legal para non pagar facturas a provedores e que teñan un dereito recoñecido e que esas obras ou servizos non estean executados.

Eu como Alcalde de Salceda, en nome de máis de 9.000 habitantes de Salceda teño a obriga como executivo de pagar, existen 1.200.000€ e dende logo o enésimo capítulo de pinza entre PP e PSOE, que por certo a portavoz do PSOE estivo no goberno e sabe do que estou falando, e o partido socialista estivo gobernando, lémbrolle que no ano 2010 e 2015 o PSOE estivo no goberno e non houbo orzamentos, o argumento cae polo seu propio peso e pagar as facturas

neste momento é indiferente que haxa ou non haxa orzamentos.

Vamos a someter a este Pleno se se pagan as facturas ou non, si se perde a subvención alá cada un coa responsabilidade.

Dáse lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA APROBACIÓN DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

D. Marcos D. Besada Pérez, Alcalde- Presidente do Concello de Salceda de Caselas, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a existencia de gastos realizados durante o exercicio 2015 e 2017 para os que non había dotación orzamentaria ou cuxas facturas foron presentadas durante o exercicio 2018 polo que non puideron ser tramitadas con cargo ao orzamento correspondente, segundo o detalle dos anexos que se achega coa proposta do Concelleiro de Economía e facenda de data 14 de febreiro de 2018, e vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente estes créditos.

Considerando que é xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis próxima aos cidadáns e, por conseguinte, aquela á que dirixen en primeiro lugar as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da CE que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local debe procurar axustar a súa situación á axilidade e eficacia que demandan os cidadáns. É por iso que, en ocasións e para dar resposta aos veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao, por outra parte, rixido procedemento legal.

Leváronse a cabo, neste sentido nos exercicios anteriores, determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes a subministros de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, así como gastos cuxa facturación tivo entrada no propio exercicio 2018 e que non puideron ser tramitadas e aplicadas a cargo dos respectivos orzamentos

Aínda levados sen contar con crédito orzamentario adecuado e suficiente, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao presuposto municipal. O propio lexislador consciente da existencia de estas actuacións “irregulares” pero en calquera caso necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao presuposto corrente, imputación nun primeiro momento prohibida por o principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación de un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de esta; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos

debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Visto o informe de Intervención de data 14 de febreiro de 2018, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores ou que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe de data 14 de febreiro de 2018 .

SEGUNDO. Aprobar o recoñecemento de créditos 1/2018 segundo o seguinte detalle:

a) Relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2018 e que se corresponden con gastos do exercicio 2017.

O importe total da relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 104.597,27 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descontos 310,17 €, o que fai un importe líquido de 104.287,10 €. A relación comeza pola factura N° 1700816 de 15/12/2017 de Multiservicios del Noroeste, S.L., CIF B36588481, por importe de 242,00 € e remata coa factura N° 51 de Limpiezas Avenida, S.L., CIF B36120707, de 31/10/2017, por importe de 2.601,50 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

b) Relación 2 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018: trátase de facturas correspondentes a gastos do 2017 que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento en 2017 por non existir crédito orzamentario.

O importe total da relación 2 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 205.267,79 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descontos 0,00 €, o que fai un importe líquido de 205.267,79 €. A relación comeza pola factura n° 620 de 03/04/2017 de Excavaciones Norexca, S.L., CIF B36443414, por importe de 4.368,17 €, e remata pola factura n° 160159 de data 15/09/2016 de Construcciones Vale, S.L., CIF B36024933, por importe de 5.427,77€. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

TERCEIRO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2018 os correspondentes gastos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente. "

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): A retirada do punto da orde do día hai que votala.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): O que ten a potestade de dicir neste Pleno o que se vota e o que non se vota é a Alcaldía. Non se acepta, polos danos e prexuízos que afecta. O PP e PSOE vanse retratar diante dos provedores, si cobran ou non cobran.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Pido que se pronuncie a Secretaria. O Pleno ten que votar a retirada do punto da orde do día.

(O Alcalde dalle a palabra a Secretaria)

Sr. Secretaria: Débese votar a retirada do punto da orde do día.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Eu non acepto a retirada do asunto da orde do día. Votamos.

VOTACIÓN: O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, por SETE VOTOS EN CONTRA dos/as sres./as concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular, e CINCO VOTOS A FAVOR dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda, acorda NON aprobar a proposta de acordo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O grupo socialista abandona o Pleno por non cumprir a normativa por parte do señor Alcalde.

(Neste intre levántanse os membros do Grupo Socialista)

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Seguinte punto da orde do día.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Nós dentro dun intre imos a abandonar o Pleno pero quero manifestar que, conforme se vote a moción a favor dos traballadores e traballadoras de Maderas Iglesias abandonaremos o Pleno xa que o Alcalde interpreta ao seu antoxo a lexislación. Cando unha funcionaria de habilitación estatal acaba de manifestar publicamente que hai que votar o que o PSOE solicita. Estase saltando a la torera o procedemento e o funcionamento do Pleno.

(Neste intre séntanse os membros do Grupo Socialista)

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Quedamos no Pleno por respecto a quenes están presentes aquí de Maderas Iglesias.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Vostedes votaron en contra do REC, incoherente, se non se estaba de acordo non tiñan que haber votado. A culpa de que os

provedores non cobren en primeira estancia e súa, única e exclusivamente.

3.- Expediente 535/2018. Convenio de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e este Concello para asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Recentemente se celebrou unha xuntanza na Academia Galega de Seguridade Pública, a cal concurrín e se nos expuxo unha proposta de convenio de colaboración no que as administracións poidan delegar as competencias no tocante aos procesos selectivos para as prazas de policía local e auxiliar de policía.

Todos os que estabamos alí presentes consideramos que é unha boa medida e que vai librar aos concellos de carga de traballo, dicir que nesta reunión contabamos con membros tanto da Administración Local como Autonómica e de sindicatos de Policías e todos estabamos de acordo, por iso nos pareceu convinte traelo a este Pleno.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Como dixo o Concelleiro, ven a eliminar cargas de traballo e unificar os criterios de selección a nivel de toda Galicia. A miña opinión persoal é que estas medidas xa deberían ser aplicadas a todos os funcionarios e persoal público para que tiveran as mesmas bases de selección. Respecto da dúbida que saíu na Comisión coa lista de reserva, o propio artigo 14 do Decreto, di que cada concello que convoque unha praza haberá unha lista de reserva. Vamos a apoialo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O noso voto vai ser a favor como anunciamos na Comisión.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Dou lectura a seguinte proposta de Alcaldía:

"PROPOSTA DE ACORDO

Visto o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG Núm. 222 de mércores 22 de novembro de 2017.

Visto que o obxecto do convenio e instrumentar a delegación deste Concello na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

Considerando que para subscribir o Convenio mencionado, en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, é necesario delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

PROPOÑO a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO: O Concello de Salceda de Caselas delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes

categorías do corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio. "

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE, dos DOCE Sres./ras. Concelleiros/ras asistentes a presente sesión, adoptando o seguinte acordo:

PRIMIERO: O Concello de Salceda de Caselas delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio. "

VOTACIÓN: Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

PRIMIERO: O Concello de Salceda de Caselas delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Dou conta dos Decretos que por un erro foi omitida como punto da orde do día.

Dáse conta dos decretos nº 2017-0964 de 19 de decembro ao nº 2018-0170 de 20 de febreiro.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Se vos parece ben aos grupos e como hai asistencia dos interesados levamos antes a moción presentada por Xulio Vicente González pola situación laboral que sofre Maderas Iglesias.

4.- Moción presentada por D. Xulio Vicente González relativa a situación laboral de MADERAS IGLESIAS, SA.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ten a palabra, Enriqueta García, representante de Maderas Iglesias, para que nos explique a situación.

Representante de Maderas Iglesias: Dar as grazas, nos estamos nun momento crítico, grazas ao Alcalde pola andaina que a completou. Pero como vostede moitos e moitas traballadores. Non sei se coñecen a situación, afecta a 250 familias máis ou menos, sobre todo mulleres,

cunha idade un pouco crítica, levamos sete ERES, o salario conxelado, un ERE que non é equitativo, son tantas cousas que para resumir é complicado.

Estamos observando que Maderas Iglesias, unha multinacional esta vindo a menos cun pre-concurso, cun concurso, con ERES, tivemos un pico de traballo no 2015 e nos sempre fomos unha empresa de calidade, unha vez que esta se foi perdendo tamén se perderon clientes ata que nos demos conta de que a xente non loita por Maderas Iglesias. Nós o que estamos pedindo e axuda as administracións.

En decembro nos propón un ERE de extinción de 140 persoas e logo nos di que como non chegamos a un acordo non hai un ERE extintivo. Non despide a ninguén, intenta afogar a xente e se canse e se marche, ata chegou a pagar o salario en 4 prazos e os que estaban de baixa dicía que non lle facían falta os cartos e non pagaba. O salario esperaba o último día para abonalo e ao mellor pagaba en catro partes.

Nos o que pedimos é que a administración se involucre, que a empresa é viable. Xustamente hoxe tivemos unha reunión no IGAPE e en principio chegamos a un acordo, imos darlle outra oportunidade porque o Director do IGAPE foi como un mediador un pouco forzado, entón di que a partir de agora vai pagar os salarios, que os ERES sexan equitativos e que non vai vender ningunha maquinaria. Dende hoxe Maderas Iglesias non pode vender maquinaria sen autorización do Comité. Agradecer ao Concello de Salceda e que a Administración nos apoie ao máximo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Gracias a vos. Para por en contesto o que propoñen é:

"MOCION MADERAS IGLESIAS

Os abaixo asinantes, integrantes do Comité Intercentros da mercantil "Maderas Iglesias SA", diante do Concello de SALCEDA DE CASELAS comparecen e, como mellor proceda, DIN:

Que por medio do presente escrito veñen formalizar solicitude de adopción de Acordo Plenario sobre a preocupante situación laboral que se padece na empresa "Maderas Iglesias SA", e se resolva conforme ao que se deixará solicitado expresamente nesta petición.

Antecedentes e contextualización

A Sociedade Anónima Maderas Iglesias, multinacional da tarima flotante que se expandiu até ao inicio da crise, e mantivo centros complementarios de produción en Polonia, EE.UU. e Brasil, acadando un volume de contratación de 800 traballadoras/es, {80% mulleres}.

Actualmente conta cun cadro de persoal de 250 persoas con mais de 25 anos de media de antigüidade, manténdose a porcentaxe de traballo feminino.

O ámbito xeográfico do que procede este persoal abarca as Comarcas do Condado Paradanta e do Baixo Miño, tendo incidencia directa no volume de poboación activa de cada un dos Concellos é clara influencia económica no seu desenvolvemento.

A maquinaria está totalmente actualizada e resulta óptima para a eficiencia produtiva.

As traballadoras perfectamente capacitadas e profesionalizadas para desenvolver a actividade da empresa, cos produtos máis innovadores do mercado actual.

Nos últimos oito anos tense acollido a sete sucesivos ERES suspensivos para a boa parte do seu Cadro de persoal que, por tal causa, a maioría das traballadoras teñen consumido as prestacións por desemprego devengadas.

A empresa acudiu, nos últimos oito anos, a dous procesos concursais, que se resolveron, respectivamente, o primeiro en fase de pre concurso, e o segundo por medio de convenio de acredores en setembro de 2013.

Actualmente a débeda da empresa ronda os 40 millóns de euros. A desaparición de tal número de postas de traballo directos suporía un grave problema social nas Comarcas do Condado e a Louriña.

Exposición de motivos

O pasado día 17 de outubro adoptouse Acordo parlamentario por unanimidade dos 71 parlamentarios/as presentes na votación. O texto subscrito foi o seguinte:

O Pleno do Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a facer xestións ante a propiedade de "Maderas Iglesias SA" coa finalidade de procurar a viabilidade e a continuidade das empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego

O 28 de decembro alcanzouse un novo Acordo entre os Grupos Parlamentarios despois da celebración dun encontro entre estes e unha representación do Comité Intercentros de empresa, alcaldías das Comarcas, e organizacións sindicais. De novo a unanimidade presidiu esa toma de posición política en favor das reclamacións do Cadro de persoal, así como asumindo a necesidade de impulsar a intervención da Consellería de Industria no proceso negociador en busca da viabilidade da empresa.

Froito de tales acordos unánimes, o pasado día 16 de xaneiro, o Conselleiro de Industria recibiu ao Comité Intercentros, comprometéndose a xestionar un proceso de negociación mediante sendas reunións, inicialmente coa empresa, seguida do grupo de acredores e unha mais de conxunto entre todas as partes implicadas.

O mércores 24 de xaneiro, en Sede Parlamentaria e contestando a unha iniciativa do Grupo parlamentario do BNG, o Conselleiro de Industria deu contada reunión celebrada co Comité de Empresa, comprometéndose, unha vez mais, a traballar para resolver a actual situación de crise da empresa.

Aínda téndose acadado unanimidade política, tanto no diagnóstico como nos medios para solucionar o conflito, non se teñen desenvolvido con decisión e premura medidas efectivas que garantan a resolución da problemática laboral.

Precisase un impulso decidido de todas as formacións políticas, especialmente aquelas que cantan con representación institucional nos Concellos do ámbito xeográfico afectado polo conflito.

Impulso que debe dirixirse a esixir a inmediata intervención activa da Xunta de Galicia na resolución da problemática social para garantir o mantemento de todo o cadro de persoal e a pervivencia da mercantil dentro do tráfico xurídico.

A Xunta de Galicia, conta con mecanismos institucionais que permitirán chegar a un acordo cos acredores que permita a refinanciamento, ou se acade unha fórmula de investimento industrial debidamente xerenciado.

É necesario un compromiso mais profundo na xestión, e resolver mais eficientemente o mandato expresado polo Parlamento e os Grupos políticos que integran o arco parlamentario. Promovendo, de ser o caso, medidas de remoción dos obstáculos, materiais, formais e incluso persoais, para permitir mellor xestión empresarial, dotar de garantías á parte acreedora e, especialmente, continuidade contractual ó Cadro de persoal.

Por todo o exposto,

SOLICITAN que polo Pleno da Corporación municipal se adopte os seguintes ACOROOS:

1.- *Esixir a inmediata intervención da Xunta de Galicia, e utilización urxente de todos os mecanismos ao seu alcance, para evitar a perda dos postos de traballo e as graves consecuencias socioeconómicas que se causarían no Concello.*

2.- *Garantir a pervivencia da mercantil dentro do tráfico xurídico.*

3.- *Activar sen demora os procesos institucionais e administrativos necesarios para alcanzar eses obxectivos. Especialmente mediante **acordo cos/entre acredores** que permita a refinanciación, ou cunha **fórmula de investimento industrial debidamente xerenciado.***

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Gracias pola exposición en nome dos teus compañeiros, dende Movemento Salceda somos conscientes do que realmente pasa, temos trece familias e non so Salceda senón que o resto sodes da comarca e dos concellos de arredores, Salvaterra, Pontearreas, Tui, Porriño.

Somos conscientes do que estades pasando , dende logo tedes o noso apoio, o Alcalde ten máis contacto con vós e nolo transmite. Lamentamos non poder ir onte todos a andaina e dende logo, si é importante este último punto, quen pode refinanciar ou outorgar créditos como fai noutros sectores, ou con créditos a baixo custe a Xunta de Galicia neste caso, que é quen pode buscar solución ao voso problema. Non dubidamos que estades pondo a carne no asador e dende aquí dar o apoio que precisedes.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Boas noites e benvidos ao Concello de Salceda. Que mellor que vos para saber o que acontece con esa empresa, unha cousa son as palabras bonitas que poidamos dicir os políticos e outra o que realmente estades vivindo.

Hoxe estiven no Parlamento en sinal do noso respaldo. A nosa admiración polo que levades feito e polo que levades padecido e que entre todos hai que buscar unha solución. Moita sorte.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Pola nosa parte xa case non nos facía falta unha moción, escoitando falar a Enriqueta, por desgracia non so é a situación de Maderas Iglesias, hai moitas outras empresas por aí e da área de Vigo que están a sufrir o mesmo. Tedes o noso apoio. E teño que pedir desculpas por decir que abandonaba o Pleno antes de votar esta moción.

Ídesme permitir, hoxe estou un pouco reivindicativa, a min paréceme perfecto que fagan manifestacións, andainas ou o que sexa pero si debemos, os representantes das administracións, dar exemplo e a min non me queda outra que pedirlle ao señor Alcalde que igual que acompaña a Maderas Iglesias e a outras entidades e sae nas fotos, teña esa mesma consideración cos traballadores e traballadoras do concello e se sente con eles a negociar unha RPT, un Convenio e todas esas cousas que fan falta negociación. Quedan ben esas fotos e demais pero temos a obriga dende a administración de ser exemplo.

Polo demais, agradezo que presentaras ti a moción e boto de menos que outros grupos políticos e asociacións non se deixase defendelas. Volvo ao mesmo, a administración, e neste caso o Concello como Administración máis cercana ao cidadá debe dar voz aos veciños e veciñas de Salceda en primeiro lugar porque é a nosa demarcación pero tamén a xente da comarca e que se trate a todos por igual.

Esperamos que teñades sorte, que as negociacións cheguen a bo porto e que non teñamos máis empresas nesa situación.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pasamos a votación.

VOTACIÓN: Sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Esixir a inmediata intervención da Xunta de Galicia, e utilización urxente de todos os mecanismos ao seu alcance, para evitar a perda dos postos de traballo e as graves consecuencias socioeconómicas que se causarían no Concello.
- 2.- Garantir a pervivencia da mercantil dentro do tráfico xurídico.
- 3.- Activar sen demora os procesos institucionais e administrativos necesarios para alcanzar eses obxectivos. Especialmente mediante **acordo cos/entre acredores** que permita a re financiación, ou cunha **fórmula de investimento industrial debidamente xerenciado**.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Quería que me informase a Secretaria que vela pola legalidade, teño a intención de impugnar este Pleno pola falta de legalidade e quero que a Secretaria nos diga como hai que facelo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Nos continuaremos co Pleno porque é evidente que esta convocado e hai que respetar a convocatoria.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Quero que quede en acta o que acabo de solicitar, o informe para a impugnación do Pleno por falta de cumprimento da normativa por parte do señor Alcalde e que se me informe como teño que facer e en caso de que fora a través deste Pleno quero que quede reflectido neste intre.

Neste intre abandonan o Salón de Plenos os/as Sres/ras. Concelleiros/as do PP e do PSdeG-PSOE.

5.- Moción de PLADEVER

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Procedo a ler a moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Rías Baixas, e concretamente a Ría de Vigo atópanse nun a zona de clima cun marcado carácter mediterráneo. Non en balde, o nome técnico literal do noso clima é "oceánico hiperhúmido con forte tendencia a aridez estival". En consecuencia, as secas foron e son frecuentes. Hoxe, esta tendencia parece que pode estar acentuándose polos efectos do cambio climático.

As cabeceiras dos ríos Oitavén e Verdugo son de características similares respecto a súa orografía, pluviosidade, vexetación, rocha do subsolo e capacidade de retención de auga. Isto ten como consecuencia directa que o réxime de enchentas e secas e regularidade dos caudais dos dous ríos sexan semellantes. Cando seca un seca o outro.

O de maior caudal, o Oitavén, está xa interceptado por Un grande encoro, Eiras, que fai imposible que siga enriquecendo 1 cos seus sedimentos e auga doce a desembocadura e polo tanto dende o punto de vista natural está severamente danado. No Verdugo tamén hai actuacións que perxudican os hábitats (captacións de auga, depuradoras e tres aproveitamentos hidroeléctricos), permitindo a pesares de todo nos últimos anos a recuperación de especies emblemáticas e indicadoras que as cousas non iban mal desde o punto de vista da natureza; salmons, reos, lampreas anguías persistían en facer vida nel.

A riqueza marisqueira da Ría é sobradamente recoñecida e a dependencia desta dunha dinámica fluvial sen alteracións no seu normal aporte de caudal e sedimentario fai deste un aspecto importante a destacar por técnicos e biólogos. Elemento engadido importante a ter en conta é afectación de un espazo natural protexido como a Enseada de San Simón, incluído na Rede Natura 2000.

O proxecto de captación de auga dende o Verdugo ao Oitavén en épocas de seca, que está en tramitación agora, atendería directamente contra este necesario equilibrio natural, nun sistema fluvial sobradamente explotado, xa que levaría aproximadamente a metade do seu caudal neses intres, incluso, cos datos na man, sería imposible respectar o caudal ecolóxico mínimo. Os cálculos así o confirman.

Non sería unha solución, xa que cando seca o Oitavén seca o Verdugo, alén de que como vimos antes, estaría xerando novos problemas na bacía transvasada e sobretudo porque contribúe a non solucionar o problema real e persistente de xestión da auga, eludindo a responsabilidade de adaptar esta a un modo máis eficiente e resiliente ante as secas e sustentable no tempo.

Cunha potabilizadora que non da tratado auga de xeito suficiente dende que o encoro de Eiras

está xa por debaixo do 40% (nesta última seca o mínimo foi de 37,60/o) polo exceso de ferro, unhas perdas en conduccións que superan o 30%, mínimos e superficiais esforzos de aforro na industria, vivendas e muncipios, non podemos plantexarmonos como sociedade europea do século XXI facer obras que danen os ecosistemas fluviais. Sinxelamente, non é o que toca. Non é presentable, ao abeiro de toda a normativa e especialmente a Directiva marco da auga europea.

Hai outras e mellores e máis sustentables e menos perxudiciais alternativas que pasan por un modelo de xestión que prime a eficiencia, a reciclaxe de augas depuradas, a renovación de infraestructuras, a sectorización das distribucións, a economía circular da auga, a restriccións de uso por tempadas, a tarifación que prime o aforro e a concienciación da cidadanía de que a auga e un recurso moi valioso e escaso.

Non eludir estas responsabilidades tamén motivaría no futuro comezar a preocuparmonos como sociedade de que a auga depende directamente da natureza e en primeira instancia dos ríos, acuíferos e brañeiras. En definitiva dos montes que son as cabeceiras dos sistemas fluviais que nos nutren, sobranceiramente, o Cando e os montes do Suído, incluídos na Rede Natura 2000.

POR ESOS MOTIVOS PLADEVER PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS

1.- Avogar pola elaboración dun estudo técnico serio e independente que cuantifique as perdas reais existentes polos diferentes actores en todo o sistema de augas. Así mesmo, tamén sería necesaria inclusión dun proxecto de mellora ou renovación completa das potabilizadoras, cando menos da ETAP do Casal, adaptándoas á capacidade real, para seguir ofrecendo auga de calidade, incluso co encoro de Eiras por debaixo do 40%.

2.- Apostar pola necesidade de evolucionar cara modelos de xestión da demanda e a eficiencia máis resistentes ante o escenario de cambio climático, que promovan un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles e que contribúa a paliar os efectos das inundacións e das secas en vez de apoiar solucións temporais e insostibles como os transvasamentos.

3.- Considerar que todas as administracións competentes deben comezar a poñer en marcha actuacións encamiñadas á "nova cultura da auga", baseada na xestión sostible e na conservación das concas fluviais, ó abeiro da Directiva Marco da Auga europea, así como a creación da "Mesa pola Sustentabilidade da Auga", recomendada xa dende o ano 2010. Neste senso e nos Concellos abastecidos total ou en parte por Eiras instar a todos a crear o "cConsortio da auga da Ría de Vigo" de cara a solucionar todo a problemática.

4.- Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, Augas de Galicia e Presidencia Xunta de Galicia."

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Como ben sabedes houbo un problema da auga no río Oitavén que é de onde se surte o Concello de Salceda a través do Consorcio de Augas do Louro, é máis coñecido o caso de Vigo e cando o encoro quedou ao 37%, o que se propuxo foi unha obra de urxencia xa prevista na seca do ano 2011 e que esta pendente de que a Xunta lle de o visto bo.

Visto que posteriormente chegaron as choivas e sendo conscientes dende o Concello de garantir auga a poboación, é a obriga que temos como concello. Esa obra de urxencia era excepcional e todos estamos de acordo que un encoro que se fixo no ano 1968 e estaba pensado para unha poboación e uns concellos que había naquel momento e que os usos e a poboación se multiplicou, cremos que é necesario tomar decisión de maior envergadura que

garanta esa auga necesaria en momentos de seca.

En todo caso iso non vai en contra do que plantexa PLADEVER e estamos de acordo no fondo cos motivos.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Movemento Salceda coincide co plantexamento de PLADEVER e o noso voto vai ser a favor.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Como non están os grupos que se ergueron de este Pleno, pasamos a votación.

VOTACIÓN: Sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos CINCO membros presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- Avogar pola elaboración dun estudo técnico serio e independente que cuantifique as perdas reais existentes polos diferentes actores en todo o sistema de augas. Así mesmo, tamén sería necesaria inclusión dun proxecto de mellora ou renovación completa das potabilizadoras, cando menos da ETAP do Casal, adaptándoas á capacidade real, para seguir ofrecendo auga de calidade, incluso co encoro de Eiras por debaixo do 40%.

2.- Apostar pola necesidade de evolucionar cara modelos de xestión da demanda e a eficiencia máis resistentes ante o escenario de cambio climático, que promovan un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles e que contribúa a paliar os efectos das inundacións e das secas en vez de apoiar solucións temporais e insostibles como os transvasamentos.

3.- Considerar que todas as administracións competentes deben comezar a poñer en marcha actuacións encamiñadas á "nova cultura da auga", baseada na xestión sostible e na conservación das concas fluviais, ó abeiro da Directiva Marco da Auga europea, así como a creación da "Mesa pola Sustentabilidade da Auga", recomendada xa dende o ano 2010. Neste senso e nos Concellos abastecidos total ou en parte por Eiras instar a todos a crear o "Consortio da auga da Ría de Vigo" de cara a solucionar todo a problemática.

4.-Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, Augas de Galicia e Presidencia Xunta de Galicia."

6. Mocións Grupos Políticos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Hai unha serie de mocións presentadas polos grupos políticos.

A primeira e do PSOE do 16 de febreiro e RE 2018-RPLN-10, outra do PSOE tamén sobre igualdade efectiva, sobre a equiparación salarial entre os corpos policías do 21 de febreiro e o PP presenta outra moción para que se manteña a prisión permanente revisable e unha segunda cuestión en relación ao 8 de marzo o día internacional da muller, como non están os portavoces municipais para defendelas en principio quedan sobre a mesa se non hai quen defenda ningunha das posicións.

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS): Eu quixera deixar constancia xa que se ían debater mocións sobre o 8 de marzo, o día internacional da muller e non están os partidos para defendelas, si me gustaría que quedara constancia o apoio de Movemento Salceda a folga que está convocada para o día 8 de marzo, o apoio total a toda a xornada.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): : Queda reflectido, e quedan enriba da mesa estas mocións para se o consideran oportuno defendelas noutra sesión.

C) Rogos e preguntas

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Hai unha serie de rogos presentados polo PP. Asumimos os rogos algúns están executados e outros encamiñados, buscando encaixalos no orzamento ou a espensas da peticións de subvencións correspondentes.

Non habendo máis temas que tratar, ás 21:55 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE